

O TEATRO, UNHA FERRAMENTA IMPRESCINDIBLE NO ENSINO

É a profesora Hesten quen fala por vez primeira da idea de teatro como ferramenta no ensino, cando na súa tese, en 1995, recolle as propostas da profesora Dorothy Heathcote. Fálanos da utilidade da expresión dramática como ferramenta para a aprendizaxe, porque o teatro contribúe a promover a autonomía do alumnado á hora de adquirir coñecementos. Dorothy Heathcote ergueu os nenos e nenas das cadeiras e fíxoos donos do coñecemento. Outro pioneiro do uso do teatro no ensino é Gavin Bolton, quen dedica o seu libro **A expresión dramática na educación** precisamente a Dorothy Heathcote, a quen califica de “educadora, artista e amiga”. Bolton dinos que a visión tradicionalista da educación miraba o alumnado coma unha “xerra baleira” na que o profesorado ía depositando coñecementos. Estaríamos falando dun suxeito pasivo, o/a alumno/a, e un suxeito activo, o/a profesor/a, que vai facendo depósitos na xerra. A visión contraria da educación sería aquela, que parte das ideas de Rousseau e converte o/a neno/a no centro do sistema educativo. Pasamos, como se pasou no Renacemento, a superar a etapa medieval na que Deus era o centro do Universo á etapa renacentista na que o centro é o home. Mais, seguindo a Bolton, houbo profesorado que levou ao extremo as formas máis desinhibidas da expresión libre e dinos tamén, que por sorte estes profesores non foron moitos. Que sucede aquí? Que nos quere dicir Gavin Bolton? Que o teatro é unha ferramenta no ensino, pero esa ferramenta hai que saber usala e ten que ter alguén que a coordine, supondo unha responsabilidade moi grande para o profesorado.

Podemos dar máis nomes de teóricos do uso da dramatización no ensino ademais de Dorothy Haethcote e Gavin Bolton. Imperdoable sería non mencionar a Peter Slade que nos fala da importancia da educación a través de emocións e as emocións só se xeran se o noso alumnado é capaz participar activamente no que estuda. É imprescindible, para alguén que queira traballar co teatro nas aulas, unha lectura de **Child drama**, 1954, de Peter Slade, traducido ao castelán en 1978 co título de **Expresión dramática infantil**.

Tamén no ensino galego houbo propostas para un ensino a través da expresión dramática coma o de Fina Casalderrey, publicado por Xerais en 1996, **Recursos teatrais para a expresión dramática na escola**, onde incide sobre a necesidade da formación do profesorado en Pedagogía Teatral e técnicas dramáticas. Dinos que a actividade teatral nas escolas depende da boa vontade do profesorado. Do mesmo ano é a publicación de Manuel Vieites, **Manual e escolma de literatura dramática galega**, publicado por Sotelo Blanco, onde nos di que as técnicas dramático-teatrais teñen unha enorme utilidade práctica como recursos e procedementos para o deseño de procesos de ensino-aprendizaxe en moitas das áreas que compoñen o currículo de Educación Infantil, Primaria e Secundaria, porque se trata de aprendizaxes vivenciais que levan á experimentación e á investigación da realidade.

Xa nos nosos días publicouse en Galicia ***Aulas sen paredes*** de Rosalía Fernández Rial, unha tese doutoral sobre o seu traballo no uso da dramatización á hora de impartir aulas con nenos e nenas da ESO, centradas sobre todo na adquisición da lingua galega.

Mais eu hoxe non vin aquí a darvos unha clase teórica sobre os pioneiros do teatro como ferramenta no ensino, porque de todos eles e elas podedes atopar bibliografía abondo, de seguro, na biblioteca da vosa facultade. Eu vin falarvos do que significa o **teatro como ferramenta no proceso educativo**. E, para isto, primeiro debemos diferenciar dúas maneiras de utilizar esta ferramenta. Unha é facer teatro como tal, isto é, preparar unha obra para o Festival de Nadal ou das Letras Galegas, onde os alumnos/as son actores e actrices que exhiben os seus dotes interpretativos diante dos compañeiros e diante dos seus pais/nais, que, de seguro, os gravan e quitan fotos co móbil ansiosamente. Outra maneira é usar o teatro na nosa intimidade da aula á hora de transmitir e adquirir empiricamente coñecementos. Ambas as dúas maneiras de traballar o teatro *ou co teatro* son perfectamente válidas e vanlle aportar ao alumnado unhas habilidades e capacidades enriquecedoras, máis son totalmente opostas, porque na preparación dunha obra de teatro concreta para un festival vas contar con alumnado que xeralmente se ofrece de forma voluntaria e empregar o teatro na aula para ensinar implica a participación de toda a clase.

1ª OPCIÓN: Taller de teatro, preparación dunha obra concreta.

ACTIVIDADE

Preparación dunha obra de teatro onde temos uns alumnos/as actores/actrices e uns alumnos/as que se encargan dos decorados e vestuarios.

TEMPORALIZACIÓN: Unha avaliación.

Acostuma prepararse unha obra de teatro para o Festival de Nadal e outra para o Festival das Letras Galegas. Normalmente o alumnado que no primeiro trimestre interpreta, no segundo encárgase de decorados e vestuarios, para darlles a todos a oportunidade de experimentar e traballar cada unha das necesidades que esixe a montaxe dunha obra teatral.

OBXECTIVOS:

a) Para o alumnado que interpreta:

* Desenvolver a capacidade de expresión do alumnado: tanto verbal coma non verbal (desenvolven dende a adquisición de léxico até a fonética mais a xestualidade e a dicción).

* Controlar a voz e o corpo como formas de expresión.

* Fomentar o coñecemento da propia personalidade.

* Desenvolver a coordinación.

* Mellorar a comprensión lectora. Os alumnos/as para interiorizar un personaxe deben comprender o texto dramático e facelo seu (mímese co personaxe).

* Reforzar os valores que transmite a obra escollida.

* Aprender a interactuar cos compañeiros/as fomentando o traballo en equipo.

b) Para o alumnado que se encarga de decorados, vestiario, luces e son:

* Desenvolver habilidades artísticas.

* Reforzar o traballo en equipo.

* Investigar sobre os materiais dramáticos.

* Controlar o espazo.

RECURSOS HUMANOS E TÉCNICOS PARA DESENVOLVER UN TALLER DE TEATRO:

1. Un coordinador/a, que sería o mestre ou mestra, no noso caso.
2. Alumnos e alumnas.
3. Material para vestiario: roupas e teas que os alumnos/as poidan ir traendo das súas casas, para logo elaborar o vestiario na aula. Aquí a colaboración das familias sería fundamental á hora de aportar materiais. Podemos crear un fondo na aula, de onde o alumnado encargado de vestiario pode botar man.
4. Pinturas e papel para facer os decorados.
5. Ordenador con acceso a internet, para buscar información sobre a época e os personaxes dos que trata a obra.

6. Obras de teatro que sexan susceptibles de ser interpretadas por nenos e nenas, porque debemos saber que temos moito teatro destinado a público infantil, mais non todo o teatro é adecuado para ser interpretado por rapaces e rapazas. Disto preocupouse no seu día Xosé Neira Vilas creando os **Premios Estornela de Teatro**, destinados á recepción de obras que puidesen interpretar nenos e nenas. As obras gañadoras pódense atopar publicadas en Edicións Embora. Tamén a **colección Pinguela**, de Edicións Fervenza, ten unha colección de teatro escolar, destinado a traballar nos colexios. Asemade, hai unha importante colección de títulos nos **Cadernos da escola dramática galega** e as obras gañadoras dos **Premios Manuel María de Teatro para nenos** que convoca a AGADIC, publicadas en Xerais.

POSIBLES PROBLEMAS DA ACTIVIDADE

Aínda que os obxectivos son ambiciosos e as competencias a desenvolver son moi importantes esta actividade, que dende hai anos se vén facendo nos nosos colexios, grazas ao esforzo dos mestres e mestras que aman o teatro e teñen aínda a capacidade do altruísmo, posto que sacan horas de onde non as hai para quedar a ensaiar co alumnado para non roubarlles horas de clase, pode presentar dous problemas dende o meu punto de vista.

O **primeiro** sería que primase a necesidade de memorización do texto, sen a súa comprensión e nestes talleres de teatro non tivese cabida o xogo, a diversión, onde o mestre non é mestre, senón compañeiro de descubertas.

O **segundo** é a ansiedade paterna, que acostuma ateigar estes eventos de móbiles que sacan fotos e gravan a obra. Unha obra de teatro é para vivir e gozar no momento. Se gravas non a ves cos teus ollos, nin os gravados cha poden transmitir coa calor que require unha peza teatral. “*É teatro, non é cinema: mira ben esta función, porque non vas ver outra igual*”, sería a máxima que eu poñería no salón de actos do colexio antes de que os pais entrasen. Poderíamos utilizar a metáfora da auga no río: *o río sempre leva auga, máis nunca é a mesma*.

2ª OPCIÓN: adquirir contidos a través da dramatización.

Traballar co teatro como unha ferramenta no proceso ensino aprendizaxe, como pode ser o libro de texto, o caderno, o bolígrafo ou o ordenador.

Poremos tres exemplos prácticos:

1. APRENDIZAXE DA LECTOESCRITURA EN EDUCACIÓN INFANTIL

Descrición da actividade:

1ª ETAPA: Realización das letras. Cada neno/a será unha letra do alfabeto, quitaremos nun primeiro momento o H, o V e manteremos o B. Isto é, comezaremos por asociar grafía e son dentro dos máis sinxelos. Para que se identifiquen cunha letra, hanse facer donos/as delas. Teñen que, en primeiro lugar, debuxalas nun folio e logo engancharémolles á roupa. Tamén podemos facer traxes de “goma eva” ou cartolina a tamaño real do neno/a, o que, sen dúbida, lle daría máis realismo.

2ª ETAPA: O cesto das palabras

A dramatización. Ensinarémolle a cada alumno/a o son que fai a letra que se lle asignou e el/ela repetírao e debe sinalar que palabras comezan por ese son (S, sopramos). Na aula temos un cesto de palabras, identificadas tamén cunha imaxe. Cada neno/a debe “adoptar” as palabras que comece pola súa letra e representarnos as características do obxecto para que os compañeiros o adiviñen. As letras/nenos serán coma unha galiña que ten as súas “palabras/ovos” no cesto.

Esta actividade pódese ir complicando a medida que os alumnos/as comece a identificar as letras, porque podemos xogar a formar palabras, xa que as letras teñen vida.

Obxectivos:

- Motivar e involucrar ao alumnado no proceso de ensino aprendizaxe.
- Conseguir que os nenos e nenas identifiquen as letras do alfabeto.
- Potenciar a imaxinación á hora de interpretar palabras para que os compañeiros as adiviñen.
- Mellorar a fonética que nestes primeiros anos acostuma non estar de todo desenvolvida.
- Potenciar a súa psicomotricidade co movemento.
- Desenvolver a sensibilidade artística co deseño das letras.

2. APRENDIZAXE DA CONCEPCIÓN DO UNIVERSO E DO MOVEMENTO DOS CORPOS CELESTES EN PRIMARIA

Descrición da actividade:

Queremos que os nenos/as aprendan conceptos tales coma: eclipse, planeta, rotación, translación,... Logo dunhas pequenas explicacións teóricas, axudados da internet para ilustrar o exposto, faremos que a aula se converta no Universo e os nenos e nenas sexan os corpos que a “habitan”.

Obxectivos:

- Fomentar a súa autonomía á hora de deseñar o vestuario dos corpos celestes que van dramatizar.
- Comprender os movementos espaciais a través dos seus propios movementos. Sabemos que estas nocións espaciais son complicadas de asimilar para o alumnado pola abstracción que supoñen.
- Adquirir conceptos coa súa dramatización.

EXEMPLO DE OBRA: *Nunca nevou que non escampase de Raquel Castro*

3. USO DA DRAMATIZACIÓN NAS EXPOSICIÓNS ORAIS

Descrición da actividade:

Proporémoslles aos alumnos e alumnas facer un traballo de exposición oral sobre personaxes da historia universal. Este traballo deben facelo por parellas: un dos alumnos é o personaxe histórico e o outro un xornalista que o vai entrevistar. Ambos os dous deben caracterizarse, un do personaxe histórico proposto e o outro de reporteiro/xornalista.

Se poñemos que o personaxe escollido é un persoeiro da historia da literatura, por exemplo, Rosalía de Castro, o traballo supón a investigación sobre a época na que viviu (modas, tendencias literarias, forma de goberno, moeda, ...), porque as preguntas han de ser de todo tipo e, por suposto, investigación sobre a obra da autora e a súa vida.

Esta actividade serve para estudar e traballar calquera personaxe da historia, dende Dona Urraca ata Napoleón. É moi interesante observar na posta en práctica da actividade o que se involucran os cativos á hora de caracterizarse, mirando as modas da época e o divertidas que lles resulta facer preguntas persoais aos entrevistados.

Obxectivos:

- Promover a curiosidade no alumnado.
- Fomentar o uso da internet, non coma un pasatempo, senón coma unha ferramenta de busca de información.
- Espertar a súa sensibilidade.
- Evitar que un traballo de exposición oral se converta nunha lectura monótona dun *corta e pega* feito na casa.
- Incentivar o traballo en equipo.

As dúas opcións expostas, TALLER DE TEATRO e TEATRO NA AULA, van desenvolver no noso alumnado as **competencias clave** recollidas na actual lei de educación (LOMCE):

* **Competencia en comunicación lingüística.** Os alumnos/as, se nos poñemos no caso do galego, van aprender máis galego interpretando personaxes galego falantes ca anotando no caderno as regras de colocación do pronome átono, poñamos por caso.

* **Competencia en aprender a aprender.** A preparación dunha obra de teatro para un festival no colexio non debería quedar na preparación da posta en escena. O ideal sería levar a cabo un “taller de teatro” dunha hora e media semanal, onde a primeira media hora estaría dedicada a exercicios de dicción, xogos de simulación e improvisación a modo de quentamento. A hora seguinte estaría destinada aos ensaios sobre o texto e a súa dramatización, sempre co alumnado encargado de decorados e vestiarios traballando a un tempo. Isto desenvolve a súa autonomía e iniciativa.

* **Competencia social e cívica.** O alumnado rematará por desenvolver habilidades relativas a escoitar, empatizar, conversar, respectarse a si mesmo e aos demais.

* **Competencia dixital.** Fomentando a autonomía do alumnado á hora de buscar información que lle axude a contextualizar a obra de teatro escollida.

* **Conciencia cultural e artística:** Ser quen de expresar sentimentos, ideas, emocións, representar, gozar coas diversas técnicas artísticas.

***Sentido da iniciativa e espírito emprendedor.** Permite ao alumnado planificar, decidir, asumir responsabilidades, aceptar os cambios. Aprende a relacionarse, cooperar e traballar en equipo, valorando ideas dos demais e dialogando e negociando para establecer acordos. Contacto activo e continuo con distintos espazos de comunicación. Lectura crítica de textos dramáticos, pois procuraremos que as obras traballadas estimulen a imaxinación e fomenten a creatividade e estean libres de prexuizos e adoutramentos.

OS MESTRES E AS MESTRAS

Sinalaba, como dixen, Fina Casalderrey a necesidade de formación do profesorado en Pedagogía teatral alá polo ano 96. Hoxe temos, en Galicia, directores de escena que saen cada ano da ESAD, que se queixan de que non hai lugar para eles no ensino e que o teatro o seguen traballando nos centros públicos os mestres e os profesores que non están preparados para facelo. Neste punto hai que sinalar que se ben os titulados da ESAD serían os máis capacitados para impartir un taller de teatro, os mestres e profesores son os máis capacitados para impartir contidos. Non se deben mesturar áreas, unha cousa é impartir un taller de teatro e outra ben distinta é usar o teatro coma unha ferramenta de traballo na aula. Para estes profesores e mestres só nos queda a experimentación, o auto didactismo e a aprendizaxe mutua co alumnado, mentres a Pedagogía Teatral non sexa unha materia obrigatoria nos nosos graos. Coa LOMCE temos horas de TEATRO a escoller polo alumnado de Secundaria coma materia optativa e neste caso, sen dúbida, si serían moi precisos os titulados da ESAD.

En conclusión podemos dicir que o uso do teatro na escola, xa sexa a través de talleres de teatro, xa sexa coma ferramenta á hora de traballar os contidos nas aulas, vai estar sempre xustificado porque favorece a socialización ao fomentar o traballo en equipo, axuda a percibir os conceptos con máis profundidade, aumenta a auto estima do alumnado, porque os desinhibe, exercita a memoria e a expresión oral, aumenta a súa autonomía á hora de investigar para situar os personaxes e os feitos representados. E, finalmente, e para min moi importante leva a expresarse por medio da fala, vendo a lingua coma un xogo e non coma unha chea de regras ortográficas e morfolóxicas que teñen que copiar no seu caderno. No caso do galego, coa perda de falantes que sofre nas xeracións máis novas, o teatro supón darlle vida á lingua. Para interpretar hai que entender a mensaxe e os nenos e nenas van facer seu un discurso en galego.

Cando eu estudei, evidentemente, non existía a ESAD e cando comecei a traballar notei que nos libros de texto me faltaba algo: había que darlles vida a aquelas follas, erguer os rapaces das cadeiras, cinco horas sentado é moito para un adulto e máis aínda para un neno. Botei man, entón, do auto didactismo, do amor ao teatro e aos nenos e nenas que pasan polas miñas aulas e, falta de recursos e obras, animeime a escribir. Trátase como di Gianni Rodari de ***“Inventar historias para nenos e axudalos a que as inventen eles mesmos, non para que uns e outros sexan artistas, senón para que ninguén sexa escravo”***.

BIBLIOGRAFÍA EMPREGADA E RECOMENDADA

- **Bogart, Anne: Introducción á dirección de escena. Ed. Galaxia, 2005**
- **Bolton, Gavin: A expresión dramática na educación. Ed. Galaxia, 2009**
- **Casalderrey, Fina: Recursos teatrais para a expresión dramática na escola. Ed. Xerais, 1996**
- **Fernández Rial, Rosalía: Aulas sen paredes. Ed. Positivas, 2016**
- **Rodari, Gianni: Gramática da fantasía. Ed. Kalandraka, 2010**
- **Slade, Peter: Expresión dramática infantil. Santillana, 1978**
- **Vieites, Manuel: Manual e escolma da literatura dramática galega. Sotelo Blanco, 1996**